**CONCELLO**
**O PEREIRO DE AGUIAR**

**Expediente núm.:** 2041/2019
**Procedemento:** Convenios
**Asunto:** 2ª addenda ao Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola e Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
**Obra/servizo subvencionado:** Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 17/09/2020
HASH: 0673c44afcbcd1ff0db2e7dd2227ceaa

JORGE MORENO MARTIN-CALOTO (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
Data de Sinatura: 17/09/2020
HASH: fa573c5b734043ff6146198bbd688fb1

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0809 Data: 17/09/2020

Cod. Validación: 3TKJ2FK5ZFNJTWEXA6ZLJL7WH | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO: Contratación de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais " (Peón de brigada)**

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de tres (3) peóns de brigada para a obra / servizo “Brigada prevención e defensa contra incendios forestais”, cuxas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 12 de agosto de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 17 de agosto de 2020.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

Visto o informe emitido pola empresa Ibersys. Seguridade e saúde laboral, S.L. sobre os resultados finais da proba física de esforzo e o recoñecemento médico dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

Visto o certificado de formación emitido polo enxeñeiro técnico forestal e enxeñeiro de montes con número de colexiado 6268, acreditando a asistencia ó Curso de formación en seguridade e extinción de incendios forestais dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

## RESOLVO

**Primeiro.-** Aceptar a renuncia á contratación para o posto de traballo de “peón de brigada”, presentada por Diego Rodríguez Gómez, con DNI núm. 34997224X, que figura no primeiro lugar segundo a orde de puntuación proposta polo Tribunal cualificador de ditas probas establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 – 0787 de data 11 de setembro de 2020.

**Segundo.-** Propor ós/ás seguintes aspirantes para a realización da proba física de esforzo e o recoñecemento médico, que se deberá realizar previamente á contratación, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar (a non presentación conlevará a perda do posto de traballo). A proba física de esforzo será de carácter eliminatorio.

| APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | PROBA DE COÑECEMENTOS | PROBA DE GALEGO | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Caneiro López David | [redacted]9376[redacted] | SI | 0,00 | 0,00 | 10,80 | - | 10,80 |

**Terceiro.-** Contratar ós/ás seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, e que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de tres (3) peóns de brigada para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | PROBA DE COÑECEMENTOS | PROBA DE GALEGO | TOTAL PUNTOS | PROBA FÍSICA DE ESFORZO | CERTIFICADO MÉDICO DE APTITUDE | CURSO DE FORMACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | González Blanco Juan Carlos | [redacted]8201[redacted] | SI | 1,23 | 0,20 | 9,60 | - | 11,03 | Apto | Apto | Apto |
| 2 | Rodríguez Fernández Alejandro | [redacted]0706[redacted] | SI | 5,00 | 0,00 | 6,00 | - | 11,00 | Apto | Apto | Apto |
| 3 | Caneiro López David | [redacted]9376[redacted] | SI | 0,00 | 0,00 | 10,80 | - | 10,80 | Apto | Apto | Apto |

**Cuarto.-** Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes para o período comprendido entre o 18 de setembro de 2020 e o 17 de decembro de 2020, para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais" ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O), na categoría profesional de "peón de brigada", cos seguintes custos salariais:

| PERSOAL BRIGADA INCENDIOS | GRUPO PROFESIONAL | TIPO XORNADA % | RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1) | CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra) | % COTA PATRONAL SEG. SOC. | COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL | CUSTO BRUTO MENSUAL | DURACIÓN DO CONTRATO (en meses) | CUSTO BRUTO TOTAL (por traballador/a) | INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL | Nº DE TRABALLADORES | CUSTO BRUTO TOTAL BRIGADA DE INCENDIOS ANO 2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peón de brigada | V | 100,00% | 1.310,61 | 8411 D | 37,80% | 495,41 | 1.806,02 | 3 | 5.418,06 | 129,97 | 3 | 16.644,09 |

**Quinto.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0809 Data: 17/09/2020
Cod. Validación: 3TKJ2FK5ZFNJTWEXA6ZJL7WH | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

**Sexto.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 12 de agosto de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 17 de agosto de 2020 (artigo 11):

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | PROBA DE COÑECEMENTOS | PROBA DE GALEGO | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Iglesias Seoane Rubén | [redacted]7883[redacted] | SI | 2,66 | 0,40 | 7,20 | - | 10,26 |
| 2 | Estévez Ramírez Felipe | [redacted]6922[redacted] | SI | 0,00 | 0,00 | 10,20 | - | 10,20 |
| 3 | Domínguez Rodríguez Jonathan | [redacted]9525[redacted] | SI | 0,00 | 2,30 | 7,80 | - | 10,10 |
| 4 | González Añel Ángel | [redacted]9908[redacted] | SI | 0,00 | 0,00 | 9,60 | - | 9,60 |
| 5 | Piñeiro Domínguez Rodrigo | [redacted]5619[redacted] | SI | 0,46 | 1,00 | 7,80 | - | 9,26 |
| 6 | López Noguerol Alexander | [redacted]7499[redacted] | SI | 2,45 | 0,10 | 6,00 | - | 8,55 |
| 7 | Dios Souto Pablo | [redacted]9761[redacted] | SI | 1,12 | 0,30 | 6,60 | - | 8,02 |
| 8 | Silva Bautista Raúl | [redacted]5636[redacted] | SI | 0,31 | 0,00 | 6,60 | - | 6,91 |

**Sétimo.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

**Oitavo.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Noveno.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro



Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0809 Data: 17/09/2020

Cod. Validación: 3TKJ2FK5ZFNJTWEXA6ZLJL7WH | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde, O Secretario – Interventor,

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0809 Data: 17/09/2020

Cod. Validación: 3TKJ2FK5ZFNJTWEXA6ZLJL7WH | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4



Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395